




Área / Unidad SERVIZO DE XESTION TRIBUTARIA GT3000E RCG	Documento 36014I00CG	
Código de verificación  1H1D 5455 6K3K 3B64 18IW	Expediente 360/2020/89	
	Data 27-03-2020	

COMUNICACIÓN XERAL

Por delegación da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020, o concelleiro de Economía Facenda e Réxime Interior, José Manuel Lage Tuñas, con data 26 de marzo de 2020, conforme ao informe proposta formulado polas Xefaturas de Servizo de Xestión Tributaria e Tesourería, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN

INSTRUCCIÓN DE MEDIDAS FISCAIS A ADOPTAR POLO CONCELLO DA CORUÑA CON OCASIÓN DA PANDEMIA COVID-19

Por Decreto da Alcaldía de data 12 de marzo do 2020, acordouse a declaración de extraordinaria e urxente necesidade como consecuencia da pandemia declarada polo COVID-19, no que se dispoñía a adopción das medidas necesarias para garantir a seguridade e a salubridade públicas e o funcionamento dos servizos imprescindibles e, en xeral, de todas aquelas outras necesarias para facer fronte á crise sanitaria actual e ás súas consecuencias no municipio da Coruña.

Por Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG do mesmo día, déuselle publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 13 de marzo de 2020, polo que se declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da evolución da pandemia do COVID-19.

O 14 de marzo de 2020, o Goberno español declarou o estado de alarma previsto no art. 116 da Constitución mediante o Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O devandito real decreto recolle, entre outras medidas, a suspensión dos prazos procesuais e administrativos, así como a suspensión dos prazos de prescrición e caducidade de calquera das accións e dos dereitos durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se puidesen adoptar.



Os prazos administrativos regulados na Disposición Adicional Terceira foron modificados mediante o Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, cambiando a redacción do apartado 4 da devandita Disposición adicional Terceira e engadindo dous novos apartados, o 5 e o 6. A redacción vixente dispón:

"1. Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar e forma motivada a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

5. A suspensión dos termos e a interrupción dos prazos ás que se fai referencia no apartado 1 non será de aplicación aos procedementos administrativos nos ámbitos da afiliación, a liquidación e a cotización da Seguridade Social.

6. A suspensión dos termos e a interrupción dos prazos administrativos ás que se fai referencia no apartado 1 non será de aplicación aos prazos tributarios, suxeitos a normativa especial, nin afectará, en particular, aos prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións tributarias."

Pola súa banda a disposición adicional cuarta do citado RD dispón: *"Os prazos de prescrición e caducidade de calquera das accións e dos dereitos quedarán suspendidos durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaren"*

O Goberno español aproba tamén o Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. Este real decreto establece, no seu artigo 33, unha regulación sobre a suspensión dos prazos no ámbito tributario, que afecta ao Concello da Coruña na medida en que se refire aos prazos contemplados na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).

Cuestión distinta é o prazo para o pago dos tributos de cobranza periódica e notificación colectiva, nos que o prazo o fixa o propio Concello nas ordenanzas



fiscais, e, por tanto, **é o Concello o que debe determinar o seu aprazamento, ampliación, suspensión, etc.**, atendendo ademais ao sentido en que deben interpretarse as normas. Así, o artigo 3 do Código Civil establece: “*As normas interpretaranse segundo o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e legislativos, e a realidade social do tempo en que han de ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e á finalidade daquelas*”.

É por iso, que dentro da súa autonomía, o concello, tal e como se establece no preámbulo do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, e en atención á situación excepcional que pode entrañar o COVID-19 para os obrigados tributarios, en orde a cumprir certas obrigas tributarias e trámites en procedementos de carácter tributario, fundamentalmente para atender requirimentos e formular alegacións en prazo en procedementos de aplicación dos tributos, sancionadores tributarios e algúns de revisión en materia tributaria, procede a flexibilizar os prazos cos que conta o contribuínte para favorecer o seu dereito para alegar, probar e facilitar o cumprimento do deber de colaborar cos servizos de xestión tributaria e tesourería do Concello da Coruña e de achegar os documentos, datos e información de transcendencia tributaria de que se trate. Para ese efecto, tívose en conta o disposto sobre a suspensión dos prazos administrativos para o ámbito dos procedementos de entidades do sector público á que se refire a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, de declaración do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aínda que cun ámbito especial e máis concreto, o de certos procedementos tributarios, e cun horizonte temporal a favor do obrigado que pode superar o da vixencia inicial do estado de alarma. Por esta mesma razón, e en aras de facilitar o pago das débedas tributarias, flexibilízanse os prazos para o pago, tanto en período voluntario como en período executivo, así como o pago derivado dos acordos de aprazamento e fraccionamento, fixando tamén un novo calendario fiscal a fin de tentar acomodarse á situación real do país.

O Real Decreto-lei 8/2020 distingue entre os actos que xa se notificaron antes da entrada en vigor do mesmo, pero nos que aínda non vencesen os prazos correspondentes, daqueles que se notifiquen unha vez entrado en vigor o citado Real Decreto-Lei.

Así, para os primeiros (actos notificados e non vencidos), establece unha ampliación do prazo ata o 30 de abril de 2020. E para os segundos (actos notificados a partir da entrada en vigor da Real Decreto-lei), o prazo amplíase ata o 20 de maio de 2020, salvo que o outorgado no acto de notificación sexa maior, nese caso este resultará de aplicación. Os prazos afectados, tanto nun suposto como noutro, serían:

1. Os das liquidacións en período voluntario de pago e en período executivo.
2. Os dos aprazamentos e fraccionamentos.



3. Os dos actos suxeitos a prazo relacionados co desenvolvemento das poxas e adxudicación de bens.
4. Os actos polos que se formula un requirimento, os da dilixencia de embargo e calquera outro acto de trámite que teña lugar no seo dun procedemento de aplicación dos tributos, de recadación ou inspección.
5. Prazos para formular alegacións no trámite de audiencia.
6. Os prazos para o inicio do procedemento de solicitude de devolución de ingresos indebidos, rectificación de erros materiais ou procedemento de revogación.

O Real Decreto-Lei 8/2020 recolle, ademais, outras cuestións, no devandito artigo 33 que tamén afectan os actos tributarios do concello:

1. No procedemento de prema suspéndese, ata o 30 de abril de 2020, a execución das garantías que recaían sobre bens inmoables.
2. O período comprendido desde a entrada en vigor do Real Decreto-lei ata o 30 de abril de 2020 non computará a efectos da prescrición e da caducidade.

Supostos de prescrición que inclúe:

- a. O dereito da administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.
 - b. O dereito da administración para esixir o pago das débedas tributarias liquidadas e autoliquidadas.
 - c. O dereito para solicitar as devolucións derivadas da normativa de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.
 - d. O dereito para obter as devolucións derivadas da normativa de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.
3. Para os efectos do cómputo dos prazos de prescrición, tamén se dispón que as resolucións que se notifiquen entre a entrada en vigor da Real Decreto-lei e o 30 de abril de 2020, e que poñan fin a un recurso de reposición ou un procedemento económico administrativo, entenderanse notificadas coa realización dun único intento. **Nestes casos, o prazo para a interposición dun recurso de reposición ou dunha reclamación económico-administrativa iniciaríase o 1 de maio de 2020.**
 4. En canto aos procedementos iniciados de oficio, dispónse que o período comprendido entre a entrada en vigor da Real Decreto-lei e o 30 de abril non



computará a efectos de prazo máximo de resolución do mesmo, sen prexuízo da posibilidade de realizar actos de trámite durante ese tempo, para o seu impulso e ordenación.

5. Finalmente, en canto aos rateos que puideran existir pola non realización do feito imponible no importe das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público no período comprendido durante a declaración do estado de alarma e, no seu caso, as prórrogas do referido estado, as persoas contribuíntes poderán solicitar a devolución das cantidades que proceda polos días nos que non se realizou a utilización ou aproveitamento. Durante o antedito período non se exaccionará ningunha taxa por este concepto.

Con respecto ao determinado polo RD 465/2020 respecto dos prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións tributarias, a redacción dada indica que non se ven afectados pola suspensión de prazos regulados no Real Decreto-lei 8/2020. Así o establece no apartado 6 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, incorporado á devandita disposición adicional polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo.

Con todo e en aras á autonomía local deste concello e o principio de confianza lexítima regulado no artigo 3 da lei 40/2015, unha vez que este concello comunicou que os prazos dos procedementos tributarios atopábanse suspendidos como consecuencia da primeira redacción do RD 463/2020 e coa intención de facer unha interpretación concorde coa regulación actual realízase unha proposta para presentar declaracións de autoliquidacións polo imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana tendo en conta se o pagamento do tributo se produce con anterioridade ou non á declaración do estado de alarma. Debe terse en conta tamén a peculiaridade deste tributo que frecuentemente esixe a realización de xestións noutros organismos, como notarías, catastro, etc., que poden resultar difíciles nestes momentos.

Esta proposta ten por obxecto a adopción de medidas para responder ante o impacto económico negativo que se está producindo sobre os/as contribuíntes afectados/as polas medidas adoptadas, así como previr un maior impacto económico negativo sobre os/as mesmos/as. A proposta contén unha serie de medidas tributarias, de carácter transitorio, que deben ser adoptadas con urxencia pola citada causa de forza maior, a fin de garantir e protexer os dereitos dos e das contribuíntes e outorgar a correspondente seguridade xurídica. De forma concreta, establécense medidas relacionadas coa suspensión ou prórroga do inicio dos prazos en procedementos tributarios, a suspensión do prazo de declaración e ingreso das liquidacións e de determinadas autoliquidacións, a suspensión da tramitación dos procedementos tributarios, o tratamento dos fraccionamentos vixentes e a modificación do calendario fiscal.



Visto o informe emitido polos servizos municipais, incorporado ao expediente, e que se incorpora como motivación desta Resolución ao abeiro do artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; e tendo en conta que o artigo 124.4 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local autoriza a “adoptar as medidas necesarias e adecuadas en caso de extraordinaria e urxente necesidade”, circunstancia obxectiva que se deriva do impacto económico e social do COVID-19.

Visto o Decreto de Alcaldía de 12 de marzo de 2020 sobre as facultades conferidas ao concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior, mediante a utilización da delegación de firma.

En base a todo o exposto anteriormente, **APRÓBANSE AS SEGUINTE INSTRUCCIÓN:**

Primeiro: O inicio dos procedementos tributarios que, segundo a normativa tributaria vixente deba realizarse de oficio, suspenderase ata o 30 de abril de 2020.

Segundo: O inicio dos prazos para a interposición de recursos e reclamacións administrativas ou de calquera outra actuación no ámbito tributario que deba comezar a instancia da persoa obrigada tributaria, estenderase ata o 30 de abril de 2020.

Terceiro: O prazo voluntario de presentación e ingreso das autoliquidacións polo imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana correspondentes a feitos impoñibles devindicados ata a data de declaración do estado de alarma estenderase durante os 15 días seguintes ao momento en que perda vixencia o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, ou, no seu caso, as prórrogas do referido estado.

Cuarto: O prazo voluntario de presentación e ingreso das autoliquidacións polo imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana **correspondentes ao día seguinte á declaración do estado de alarma** estenderase durante o mes seguinte ao momento en que cese o estado de alarma ou, no seu caso, as prórrogas do referido estado.

Quinto: Os períodos de paralización dos procedementos tributarios, cuxo inicio se produciu con anterioridade ao 14 de marzo de 2020, entenderanse como períodos de interrupción xustificada para a persoa obrigada tributaria ou dilacións no procedemento por causa non imputable á Administración tributaria e, en consecuencia, non se incluírán no cómputo do prazo de resolución dos mesmos, polo período transcorrido durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaren.



Sexto: O cómputo do prazo de contestación aos requirimentos individualizados de achega de documentos, antecedentes ou información con transcendencia tributaria formulados pola Administración suspenderase entre o 14 de marzo de 2020 e o 30 de maio, cando o devandito prazo finalice entre as citadas datas.

Sétimo: Non se devindicarán xuros de mora nos procedementos tributarios durante o período transcorrido entre o 14 de marzo de 2020 e o 30 de abril de 2020.

Oitavo: Amplíanse ata o 30 de abril de 2020 os seguintes prazos de pago dos tributos e recibos postos á cobranza desde a Tesourería Municipal, que se atopan actualmente en período de cobranza e con vencemento anterior á devandita data, a condición de que non conclúisen xa o 18 de marzo, así como as datas establecidas para o cargo das domiciliacións daqueles recibos que o solicitaran que será tamén o 30 de abril.

- MERCADOS E QUIOSCOS 4 T19
- AXUDAS SAD MAIO 2019
- ALUGUERES FEBREIRO 2020.

Noveno: Respecto ao calendario fiscal do Concello amplíase o período de cobranza do imposto de vehículos de tracción mecánica e modifícase a data de cargo da domiciliación do IVTM que queda establecida para o segundo día hábil do último mes de pago voluntario do recibo. Así mesmo, prolóngase ata o 13 de outubro o prazo de pago en voluntaria do Imposto de bens inmobles.

TRIBUTOS	PERIODO DE COBRO	DATA DE CARGO DA DOMICILIACIÓN
IVTM	2 de marzo ao 30 de xuño	2 de xuño
IBI	5 de maio ao 13 de outubro	6 de xullo
IAE TAXA RECOLLIDA LIXO VADOS CEMITERIOS AP. DISTRIBUIDORES	14 de setembro a 4 de decembro	5 de novembro

Décimo: Os vencementos dos aprazamentos ou fraccionamentos concedidos polo concello cuxos cargos domiciliados houberen de efectuarse dentro dos prazos de suspensión establecidos polo Real Decreto-lei 8/2020, quedarán prorrogados do seguinte modo:

- Vencemento do 6 de abril 2020: O cargo en conta practicarase o 30 de abril de 2020.



- Vencemento do 5 de maio 2020: O cargo en conta practicarase o 20 de maio de 2020.

Undécimo: Non se exaccionarán taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público durante o período de estado de alarma ou no seu caso das prórrogas que se aproben.

As devolucións que puideran solicitarse respecto das anteditas taxas durante o período de estado de alarma ou no seu caso das prórrogas que se aproben, tramitaranse tendo en conta para o rateo os días nos que non se realizou a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público.

A Coruña, na data de sinatura deste documento electrónico
O concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior
(P.D. Decreto de Alcaldía do 12 de marzo de 2020)
Asdo, José Manuel Lage Tuñas”

O que se traslada ás concellarías, direccións de área e xefaturas de servizo para xeral coñecemento.

A Coruña, na data de sinatura electrónica deste documento

*O concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior
José Manuel Lage Tuñas*